

CASTRO DE REI

Anuncio

DECRETO DE ALCALDÍA Nº 407/2016

DELEGACIÓN DE FUNCIONES DA ALCALDÍA

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei (Lugo).

Visto que a alcaldía non vai poder exercer as atribucións que lle corresponden por ausencia do termo municipal durante o período 30 de setembro de 2.016 dende as trece horas ata o 7 de outubro de 2016 ás vintetres horas, por motivos persoais.

En base ao disposto polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 44 e 47 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e a atribución que me confire o artigo 21.1. a), r) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

RESOLVO:

1. Delegar as funcións e atribucións propias da Alcaldía na persoa de D. Roberto Lorenzo Fernández, Primeiro Tenente da Alcaldía, no período comprendido entre o 30 de setembro de 2.016 dende as trece horas ata o 7 de outubro de 2016 ás vintetres horas.
2. Durante este período de substitución, a citada persoa exercerá as funcións e atribucións delegadas a título de Alcalde por Delegación.
3. No suposto de producirse a vacante, ausencia ou enfermidade da anteriormente indicada persoa, as referidas funcións pasarán automaticamente ás demais Tenencias da Alcaldía, segundo a súa orde de nomeamento, e nas mesmas condicións establecidas na parte dispositiva deste decreto.
4. No suposto que o abaxio asinante alcalde se reincorpore ás súas funcións antes de transcorrer o período expresado no apartado número un da parte resolutiva deste decreto, a presente delegación quedaría automaticamente revocada.
5. Dar conta ao Pleno da presente Resolución na primeira sesión que este órganio celebre.
6. Dispor a publicación do presente Decreto no Boletín Oficial da Provincia.
7. Notificar este Decreto ao 1º Tenente de Alcalde deste Concello.

En Castro de Rei, a 21 de setembro de 2016.

R. 2980

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 28 de setembro de 2016, adoptou o acordo n.º 14/627 **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTENIMENTO E REPARACIÓN DE PAVIMENTACIÓN, MOBILIARIO E SINALIZACIÓN VERTICAL DA REDE VIARIA MUNICIPAL (PLAN MELLORA LUGO 2016) (EXP. REF. 22-2016). DESISTENCIA DO PROCEDEMENTO. MODIFICACIÓN E APROBACIÓN DOS PREGOS DE CONDICIÓNIS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E NOVA APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descripción do obxecto: É a prestación do servizo de mantemento e reparación de pavimentación, mobiliario e sinalización vertical da rede viaria municipal (Plan mellora Lugo 2016) contribuíndo á creación e mantemento do emprego dentro do Plan mellora Lugo 2016.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedemento: aberto

4.- Tipo de licitación: . O valor estimado do contrato ascende á cantidad de 70.247,93 euros, polo que tendo en conta o IVE (21%) - 14.752,07 euros - o prezo máximo do contrato será de **85.000 euros**, IVE incluído.

5.- Garantías: definitiva 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Condiciones especiais de execución:

Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **quince días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1^a **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2^a **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3^a **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3^a Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliárase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 64,74 euros que serán por conta do Concello.

Lugo, 29 de setembro de 2016.- A ALCALDESA, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto nº 16005312)
Ana Prieto Nieto

R. 2981

MONTERROSO

Anuncio

PLAN ECONÓMICO FINANCIERO 2016

Polo pleno do Concello de Monterroso en sesión ordinaria celebrada o día 28 de setembro de 2016, aprobouse inicialmente o Plan Económico Financeiro para o exercicio 2.016 , en cumprimento do disposto no art.169.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, exponse ó público na Secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles -que empezará a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales serán dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.